

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **16 de novembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DECORACIÓN LUMINOSA DO NADAL 2016-2017. EXPTE. 3971/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/11/16, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, coa mesma data, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

1.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>CREACIONES LUMINOSAS, SL</i>	<i>100 puntos</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CREACIONES LUMINOSAS, SL, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (lémbrese que a acreditación da solvencia técnica deberá axustarse ao indicado na declaración responsable incluída no sobre A)*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 983,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CREACIONES LUMINOSAS, SL, o día 15 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o mesmo día.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CREACIONES LUMINOSAS, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 10 de novembro de 2016 e o acordo da Mesa de Contratación do 14 de novembro polo que, ao abeiro do disposto na cláusula 15.3

do prego de cláusulas administrativas particulares, lle outorgou a máxima puntuación á proposición avaliable mediante fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CREACIONES LUMINOSAS, SL, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106) coas seguintes condicións:

1. *O prezo total do contrato é de 252.648,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.848,00 euros.*
2. *Comprométese a aportar as seguintes melloras:*
 - *Incremento da altura da árbore a instalar na Porta do Sol en 7m.*
 - *A mellora proposta artística-luminotécnica para o conxunto dos elementos lumínicos a instalar na Porta do Sol, Praza da Princesa e Praza da Constitución nos termos previstos no apartado 8.B.1.b) do Anexo I - FEC- do PCAP.*
 - *A mellora da proposta artística-luminotécnica para o conxunto dos elementos lumínicos a instalar no Museo de Arte Contemporáneo e a “Farola de Úrzaiz” nos termos previstos no apartado 8.B.1c).do Anexo I - FEC- do PCAP.*
 - *Instalación de elementos complementarios para o acto do acendido do alumeado do Nadal a realizar na Porta do Sol nos termos previstos no apartado 8.B.1.d) do Anexo I - FEC- do PCAP.*
3. *Incrementa o stock de seguridade esixida no prego (10%) nun 5%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.